

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 27 DE XULLO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.


Ausentes:

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 29 DE DATA 20 DE XULLO DE 2015.

Acordouse aprobar o borrador da acta núm. 29/2015 da sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 20 de xullo de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.



2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA para vivenda unifamiliar na parcela sita no lugar de Souto, 1, Losón, Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 23/06/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 3.658,20 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.2.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA para obras de cerramentos para uso de trasteiro na rúa 53, 3º de Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 24/06/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 43,50 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.3.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA para a construción de centro de exposición, venda e mantemento de Case IH no Polígono Ind. Lalín 2000, parcela P2, naves 1-2, Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 30/06/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 6.619,50 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.


3.- LICENZA DE DEMOLICIÓN.

3.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE DEMOLICIÓN dun edificio na rúa Monte Faro esquina rúa D, nº 2 Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 14/07/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 234,28 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

Asemade consta no expediente o depósito na Tesourería municipal de 1.800 euros en concepto de fianza.

4.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.

4.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para acondicionamento interior de local sito na rúa Garda Civil, 37, baixo, de Lalín**, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 18/06/15 por importe de de 174 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.



5.- INFORMES PREVIOS.

5.1.- Acordouse aprobar o informe técnico municipal, de data 23/06/15, en relación á **solicitud de licenza para acondicionamento de nave para taller de reparación de vehículos agrícolas na parcela sita en Gresande, s/n – Lalín**, e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

6.- INFORMES URBANÍSTICOS.

Quedou pendente para un mellor estudo.

7.- LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

7.1.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** consistente na actuación de orquestras no campo da festa de Filgueira os días 8 e 9 de agosto de 2015.

8.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

8.1.- Acordouse **adxudicarlle** o servizo denominado **“SISTEMAS DE SEGURIDADE (VIDEOVIXILANCIA, INTRUSIÓN E ANTI-INCENDIOS) DE DIVERSOS EDIFICIOS DO CONCELLO DE LALÍN” (CSE072015)**, á empresa **SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.**, con CIF. núm. B-15259765, polo seguinte prezo: Orzamento sen IVE: 5.790,35 €, IVE: 1.215,97 €, Orzamento con IVE: 7.006,32 €/anuais.

8.2.- Acordouse conceder á empresa **ANTONIO FRAMIÑÁN CONSTRUCCIONES, S.L.**, **unha prórroga de quince días ata o vinte de agosto de 2015, para a obra “MELLORAS SENDA PEONIL RÍO PONTIÑAS”**, segundo a documentación xustificativa que consta no expediente.

9.- EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUITA E VOLUNTARIA DE 28 M2 DE TERREO AO CONCELLO DE LALÍN EN CASTRO DE CABRAS.



9.1.- Acordouse corrixir o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 4 de maio de 2015 no que se facultaba ao Sr. Concelleiro Delegado do Medio Rural, D. Antonio Rodríguez Rodríguez, para a sinatura da correspondente escritura pública de doazón e aceptación da cesión gratuita e voluntaria de 28 m² de terreo ao Concello de Lalín en Castro de Cabras, **debido ao cambio da Corporación Municipal, facultando o Sr. Concelleiro Delegado do Medio Rural, D. Miguel Ángel Medela Dobarro.**

10.- CONVENIO ADMINISTRATIVO DE USO DA CASA DA XUVENTUDE.

10.1.- Acordouse aprobar Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Lalín para facilitar a realización de actividades de educación non formal e o acceso da mocidade á prestación de servizos e facultar ao Sr. Alcalde D. Rafael Luís Cuiña Aparicio para a súa sinatura.

11.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.


11.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 2 da obra “MEJORAS SENDA PEATONAL RIO PONTIÑAS” presentada pola entidade ANTONIO FRAMIÑÁN CONSTRUCCIONES, S.L., cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **41.548,68 €.**

12.- FACTURAS E CONTAS.

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 27 de xullo de 2015 fiscalizado con conformidade, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acordou** aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **45953,98 euros.**

13.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

13.1.- Acordouse **autorizar a adscrición** á licenza de taxi nº 25 do vehículo turismo marca VOLKSWAGEN, modelo JETTA, e matrícula 2209-JGW cunha capacidade total de 5 prazas e data de matriculación 10/07/2015.



13.2.- Acordouse a **INCLUSIÓN URXENTE** no Servizo de Préstamo de Camas Articuladas dun beneficiario por agravamento no estado de saúde, ao non existir listaxe de espera.

13.3.- Acordouse a **INCLUSIÓN URXENTE** no Servizo de Préstamo de Camas Articuladas dun beneficiario por agravamento no estado de saúde, ao non existir listaxe de espera.

13.4.- Acordouse a extinción do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia para beneficiario por Ingreso en Centro Residencial.

13.5.- Acordouse comprometerse á contratación ou á adscrición dun traballador ó arquivo municipal para o desempeño das funcións de clasificación e custodia dos expedientes municipais.

13.6.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 900 euros, e contratar coa **Academia Master Lalín SLNE**, a realización dun curso de formación para o persoal da brigada de extinción de incendios forestais.

14.- CORRECCIÓN DE ERROS.

14.1.- Acordouse **correxir** o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 6 de xullo de 2015. punto 9.2. expedientes de cancelación de fianzas.

15.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

15.1.- Acordouse **autorizar a realización dunha cata** nunha parcela situada no Agro de Lalín de Arriba (Material tipo jabre natural), para comprobar o material existente, con suxeición as seguintes condicións do informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal de data 27 de xullo de 2015.

15.2.- Acordouse autorizar á **Plataforma do Sector Leiteiro Deza, Tabeirós e Terra de Montes** o uso do Salón do Auditorio (Sala de Ordenadores), para unha charla informativa o martes día 28 de xullo de 2015 ás 16:30 horas.

15.3.- Acordouse autorizar á **Escudería de Clásicos O Toxo** para poder pasar por



Secretaría Xeral
varias das estradas de Lalín o día 6 de setembro de 2015 e realizar a “**RUTA DA VIª SEMANA DO COCHE CLÁSICO**”.

15.4.- Dáse conta do escrito remitido pola **Consellería do Medio Rural e do Mar-Xefatura Provincial** co que achegan resolución do recurso de reposición adoptada polo Xurado Provincial da Clasificación de Montes veciñais en Man Común de Pontevedra na reunión que tivo lugar o día 30 de xuño de 2015, en relación ao expediente de clasificación dos montes denominados “Porta Cidrade e outros” solicitados a favor dos veciños dos lugares de A Saborida, Balagosa, Lodeiron, Vilatuxe, Piñoi, Os Carballiños, Alfonsín, A Carretera, Outeiro, San Lorenzo, Gondoriz Pequeno e Gondoriz Grande, na parroquia de Vilatuxe, Concello de Lalín.

15.5.- Acordouse conceder a Animalia Deza Centro Veterinario autorización municipal para o uso da finca “*As Casianas*”, situada no Polígono Industrial Lalín 2000, e impartir un curso de educación canina que terá lugar os mércores pola tarde.

15.6.- Acordouse autorizar o uso do albergue “*Vicente Agulló*” de Mouriscade, Lalín os días 18 e 19 de setembro de 2015 con motivo do intercambio musical entre a Banda Xuvenil de Lalín e a Orquestra Xuvenil de Bonjóia de Oporto.

15.7.- Acordouse conceder autorización municipal a HOXE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, para que acometa as obras de canalización e extensión da rede de abastecemento no lugar de A Borralla, parroquia de Prado, Lalín. As ditas instalacións, unha vez feitas, pasarán a formar parte da rede municipal. Por elo, o solicitante deberá comunicar o remate das obras ao Concello.

=====

